

VIAXE LEMBRANZA ÁS COLONIAS DE COVELO DA LAMA

José Grandal Sanjorge

Cando me levantei o pasado 3 de marzo a eso das 9 da mañá, fixen a miña rutina diaria, esa que inclúe o almorzo e que repito tódolos días do ano, non imaxinaba nin por asomo que aquel día ía estar cargado dunhas fermosas lembranzas de cando era tan só un cativo. Ditas lembranzas remóntanse a agosto do ano 1959 do século pasado. Antonte como quen di.

O citado día tiñamos unha xuntanza un grupo de amigos larpeiros e donas. O lugar do encontro era o Convento de San Bieito de Lérez, ás 11 de mañá. Alí estabamos á hora sinalada a miña dona e máis eu para atoparmos co resto, iso si, coma de costume houbo algún rezagado ó que esperar. Tivemos sorte de poder esperar na carpa instalada no adro da igrexa para a "Festa da Exaltación da Orella salgada e doce", posto que aquela mañá amenceu chovendo. E aínda que a choiva non soe ser a mellor compañeira para unha xuntanza, ese día agradecémoslla xa que nos atopabamos nunha sequía en pleno inverno que, aínda que pareza mentira, provocou algún lume que outro nalgúns montes da provincia de Ourense.

O obxecto de dita xuntanza non era outro que degustar un bo cocido galego. Un ano fomos xuntos a comer o cocido e fixemos delo costume.

Agora tentamos xuntarnos tódolos anos, eliximos o lugar, cada ano un lugar distinto e así de paso facemos un pouco de turismo, onde poder degustar tan exquisito manxar e pasamos un bo día todos xuntos. Ese ano o lugar elixido foi Seixido da Lama. Sen dúbida a viaxe prometía pero eu non contaba que para mín fose algo máis que degustar o cocido moi ben acompañado.

Ás 11:30 horas xa estabamos todos e collemos os nosos coches camiño da praia fluvial do Verdugo que resultou un bo lugar para facer unha parada técnica onde repostar os nosos corpos e de paso organizar a ruta a facer antes da hora da comida. Decidimos achegarnos a Covelo.

Dito e feito, alá sobre as 12 da mañá collemos rumbo a Covelo. Logo chegamos e, tras deixar aparcados os nosos coches, escomezamos a explorar a aldea. Percorremos as rúas e fomos dar á praza principal. Alí, xusto no medio agardaba unha vella coñecida por mín, a enorme estatua de *Don Manuel Barreiro Cabanelas* coa súa placa "*A Don Manuel Barreiro Cabanelas, hijo y protector de este pueblo, en testimonio de eterna gratitud de sus vecinos. Covelo 1 de enero de 1944*". Eu estivera moitos anos atrás diante daquela mesma estatua, a do conde e mecenas do pobo, e non só de Covelo senón tamén de Pontevedra, onde aínda hoxe os pontevedreses desfrutamos do Hospital Provincial do que Don Manuel foi impulsor e do que tan só se pode atopar un pequeno busto colocado nun recuncho do acceso principal de dito hospital. Alí, diante daquela impresionante estatua, vinme transportado ó verán de 1959, cando, sendo tan só un neno,



O autor e un grupo de amigos

tiven a sorte de pasar unhas colonias escolares nesta veciña parroquia. Veume á cachola aquel concurso de debuxo da estatua do conde que contaba como xurado co canteiro que realizara a escultura. Para contalo todo direi que non gañei porque son moi malo debuxando.

Paseando polas rúas víñanme máis e máis lembranzas daquel lonxano verán. Camiñando chegamos ata a igrexa e o cemiterio e xa no adro quedei admirado polo impresionante panteón familiar que o conde mandou construír para seus pais.

Xa estabamos dispostos a marchar e, a piques de regresar ós coches, veume á cabeza a escola e propuxen achegarnos aínda que só fora ata a porta. Así foi como, tamén acompañado por amigos, aínda que non os mesmos daquela, estaba de novo fronte á pesada porta de ferro, desas remachadas como se facían na época, aínda que agora corroída e para a nosa sorpresa, aberta.

Aproveitando esta ocasión que me ofrecía o destino enfilei pola costa da entrada que leva á escola e mentres subía lembreime do meu amigo da infancia Fernando Vieitez Vieitez. Aquel agosto tiñámolo que pasar xuntos pero a morte do seu pai, o Sr. Edelmiro, xusto o día antes á nosa partida, deixou a Nando moi lonxe daquela Colonia Escolar.

Mentres subía aquela rampa deime conta do estado de abandono e suciedade no que



Estatua ó conde Cabanelas



Placas en pedra

actualmente se atopa todo. Ó rematar a rampa alí estaba o porche no que nos daban a merenda. Esforceime por recordar algún compañeiro pero ninguén me veu á cachola.

O que si que recordei perfectamente foi o pilón de auga que tería que estar á volta da casa. E efectivamente, alí estaba, no mesmo sitio no que nos permitían bañar para sufocar a calor nos días máis calorosos.

Aquel verán, cando chegou o autobús, as nenas xa estaban coas maletas listas para marchar xa que naquela época os nenos e as nenas íamos por separado, non fora ser o demo que estivésemos xuntos. Calculo que eramos uns cen nenos chegados de toda a provincia, repartidos en escuadras de entre 20 ou 25 nenos. A miña chamábase "San Fernando".

Dende aquí pídlle á administración competente que teña a titularidade da escola que bote man dela e a poña a funcionar porque é unha mágoa que outros rapaces non poidan disfrutar dun lugar tan fermoso.

Tras unha visita rápida pola finca regresamos ós coches para facer o mesmo percorrido que tantos anos atrás, aquela vez andando, fixera cara ó Pelete. Sentíame viaxando no tempo rememorando aqueles vinte días de agosto do 1959.

Despois e axiña, posto que xa íamos xustos de tempo, puxemos rumbo cara Seixido onde nos esperaba un succulento cocido do que demos boa conta.